



Sr/a. director/a:

Ponse no seu coñecemento que os centros educativos, no uso da súa autonomía de xestión, poden destinar recursos propios para facilitar o proceso de ensinanza-aprendizaxe do alumnado con necesidades educativas especiais (discapacidade ou trastorno grave de conduta).

Naqueles casos nos que os libros de texto elixidos polo centro educativo non se adaptan ás necesidades educativas do alumnado con necesidades educativas especiais e o centro non conta cos recursos necesarios para adaptar ou facilitar os materiais que ese alumnado necesita, a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria vai reforzar os recursos dos propios centros para que ese alumnado teña acceso ao seu propio material, totalmente personalizado.

O procedemento para acceder a eses recursos é o que segue:

1. A xefatura do departamento de orientación debe acordar co profesorado titor e co resto do equipo docente o material que necesita cada un dos alumnos ou alumnas con necesidades educativas especiais que non usa o libro de texto do curso en vigor.
2. A relación dese material, debidamente referenciado, xunto coa copia do informe psicopedagóxico no que consten as necesidades educativas especiais da alumna ou do alumno, debe trasladarse ás correspondentes xefaturas territoriais por parte da dirección do centro educativo.

Santiago de Compostela, 25 de setembro de 2014

O Director Xeral de Centros e Recursos Humanos

José Manuel Pinal Rodríguez